



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE LAROUCO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DE RÚAS EN SEADUR (LAROUCO).

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Larouco encadrase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de entornos urbanos. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Larouco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Larouco, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Humanización de rúas en Seadur (Larouco)”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de Larouco trata de promover unha actuación consistente na “**Humanización de rúas en Seadur (Larouco)**”.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio que, en síntese, consiste na mellora do pavimento mediante a reparación da capa de rodaxe con dobre rego asfáltico, e a dotación de mobiliario urbano. Con isto preténdese a integración cromática e a humanización do núcleo rural..

As actuacións afectan a varias rúas do núcleo de Seadur cun total aproximado de 9.600 m², cun ancho variable, sendo a ocupación o ancho total da rúa.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017. María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

